

ORDE do 27 de decembro de 2017 pola que establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, e se convocan para o ano 2018.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180118/AnuncioG0426-271217-0001_gl.pdf

AXUDAS FOMENTO UTILIZACIÓN MAQUINARIA AGRICOLA EN REXIME ASOCIATIVO

BENEFICIARIOS:

- a) As **cooperativas agrarias** que teñan como obxecto social prioritario a adquisición e a utilización de maquinaria de carácter agropecuario en común, denominadas convencionalmente cooperativas de utilización de maquinaria agrícola, en diante **CUMA**, as sociedades agrarias de transformación, en diante **SAT**, que teñan como obxecto social prioritario a utilización de maquinaria de carácter agropecuario en común, e as cooperativas agrarias con sección específica de maquinaria agrícola segundo o artigo 9 da Lei 5/1998, do 18 de decembro (DOG nº 251, do 30 de decembro), de cooperativas de Galicia.
- b) O resto das **cooperativas agrarias** que adquiren maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario para prestaren servizos aos seus socios.
- c) As **cooperativas de explotación comunitaria da terra** de 5 ou menos anos de antigüidade e as **SAT procedentes da fusión de, polo menos, dúas explotacións nos 10 anos posteriores á súa constitución.**

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

1. Os investimentos subvencionables son os seguintes:

- a) Maquinaria agrícola.
- b) Estudos técnico-económicos de viabilidade.

2. Non se subvencionarán:

- a) A mera reposición ou adquisición de maquinaria de segunda man ou usada.
- b) Non se considerarán subvencionables o IVE e outros impostos.
- c) Os investimentos en maquinaria ou equipamentos relacionados coa transformación comercialización de produtos agrarios ou forestais, nin máquinas de pequena significación para os efectos do conxunto dos socios da agrupación.
- d) A maquinaria e os investimentos de carácter forestal.

Establécese un investimento elixible mínimo de 20.000 € para poder ser subvencionable. O volume total do investimento elixible máximo subvencionable para cada beneficiario será de 250.000 €. No caso de cooperativa procedente de fusión, en que o número total de socios da entidade fusionada sexa superior a 1.000, o límite máximo de investimento será de 600.000 €.

CONTÍA ECONOMICA DA AXUDA

O importe da axuda **será do 35 % dos custos elixibles**, que se poderá incrementar ata **un máximo do 50 %** en función da aplicación dos seguintes criterios:

- 1.) 5 % no caso de investimentos en zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas recollidas no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013.
- 2.) Investimentos colectivos, cando o beneficiario procede dunha fusión, o importe incrementárase nun 10 %.

PRAZO DE SOLICITUDE:

ATA 19/02/2018

PRAZO DE XUSTIFICACIÓN:

ATA 01/10/2018